



## **CONVOCATORIA 2018/2019 PARA PROGRAMAS ERASMUS+ DE MOBILIDADE DOCENTE**

### **PRESENTACIÓN**

Por medio da presente convocatoria, a **Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia** presenta a súa oferta de mobilidades de profesorado para docencia ou formación no curso 2018-2019, no marco dos **vixentes proxectos**:

1. KA 103. Países elegibles:
  - Os 28 países membros da Unión Europea
  - Macedonia, Liechtenstein, Noruega, Islandia, Turquía.
2. KA 108 – Coordinado polo Consorcio CARTES. Países elegibles:
  - Camboia.
  - Albania.
3. KA 107 - Coordinado pola ESCRBCG. Países elegibles:
  - Albania.

### **OBXECTIVOS XERAIS:**

- Ampliar as posibilidades de desenvolvemento persoal e profesional do persoal docente da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.



- Internacionalizar o contido dos estudos que ofrece a ESCRBBCCG a través do efecto multiplicador que exercerá a experiencia internacional dos profesores, ademais de ampliar e enriquecer o abano de contidos impartidos.
- Fomentar o intercambio de coñecementos técnicos e experiencias sobre métodos pedagóxicos, así como fomentar a actividade investigadora na ESCRBBCCG.
- Consolidar os vencellos entre os centros cos que se manteñen convenios e crear novas relacións institucionais.
- Coñecer e reforzar os vencellos institucionais que permitan a mobilidade do estudantado e melloren a calidade destas mobilidades.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Os proxectos de mobilidade vixentes contemplan a posibilidade de desprazarse a unha institución de ensinanza superior que dispoña de carta Erasmus+ co obxectivo de, ou ben impartir docencia en materias ou cursos que formen parte do programa de estudos no centro de acollida, ou ben actividades de formación acerca do seu modelo educativo, estratexias pedagóxicas e desenvolvemento dos estudos (visita, recabar información, propoñer ou asinar convenios, propoñer mobilidades do estudantado, etc).

## **BENEFICIARIOS**

As mobilidades están dirixidas a calquera membro do persoal docente da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

## **CRITERIOS DE SELECCIÓN**

O proceso de selección será específico e separado para cada un dos proxectos (KA103, KA107, KA108). A selección será realizada pola Comisión Erasmus+ da ESCRBBCCG, integrada por Antón Pereira (coordinador Erasmus+), Cristina Montojo

(axudante da coordinación Erasmus+) e Álvaro Arizaga (Xefatura de Estudos). A comisión Erasmus+ empregará criterios de equidade e igualdade de oportunidades, tratando de integrar o máximo número de profesorado posible nas mobilidades Erasmus+. No caso de que un solicitante forme parte da propia Comisión Erasmus+, para ese proceso de selección específico unha persoa do equipo directivo tomará parte no seu lugar (en última instancia, de ser necesario, outro profesorado designado polo equipo directivo).

1. Darase preferencia, en primeiro lugar, a aquel profesorado que nunca teña participado en mobilidades Erasmus+. Fomentarase desta maneira a máxima diversidade de profesorado (en departamentos, en especialidades, etc).
2. No caso das mobilidades con países asociados (KA107, KA108), a complexidade e dificultade inherente a este tipo de mobilidades poderá recomendar que participe profesorado que teña experiencia previa, de maneira que o punto 1 non sería de aplicación.
3. En segundo lugar, darase preferencia ás solicitudes de profesores que presenten actividades de mobilidade que permitan elaborar novos materiais didácticos e/ou que fomenten a consolidación ou a ampliación dos vencellos con outros centros, así como tamén sirvan para preparar futuros proxectos de investigación, cooperación e intercambio cos centros de destino. Estas solicitudes deberán ir acompañadas dunha **carta de motivación**, redactada polo persoal solicitante, na que se fagan explícitos estas ideas e criterios. As cartas de motivación deberán ter en conta que o beneficio do programa Erasmus+ debe ser para a Escola como institución ademais de para o profesorado de maneira individual. No caso do proxecto KA103 as solicitudes están abertas a calquera país ou institución, pero son recomendables as mobilidades a institucións de educación superior coas que xa temos convenio (Turín e Bologna (Ravenna), moi especialmente para o curso 2018-2019; tamén a L'Aquila, Porto e Ankara). Tamén se aceptan solicitudes de mobilidades con institucións coas que non haxa convenio, sempre que o profesorado solicitante se implique nos contactos previos para a elaboración



dese convenio. No caso dos proxectos KA107 e KA108 as institucións de destino son fixas e serán adxudicadas pola Comisión Erasmus+. A valoración das cartas de motivación será responsabilidade exclusiva da Comisión Erasmus+.

4. En caso de que os criterios de selección anteriores non sexan suficientes, a comisión Erasmus+ aplicará criterios de idoneidade dos perfís docentes por especialidade, en función da natureza ou necesidades de cada proxecto, así como o coñecemento do idioma. Nesta fase do proceso de selección, ambos criterios contarán un 50%. A comisión Erasmus+ poderá requirir certificacións de idiomas en caso de ser necesario.
5. En caso de que persistan empates, a Comisión Erasmus+ reunirá presencialmente a todo o profesorado interesado. En primeira instancia, tratarase de chegar a un consenso ou acordo por tódalas partes. En segunda instancia, se non hai acordo farase un sorteo público.
6. A comisión Erasmus+ elaborará, con estes criterios, unha lista pública de solicitudes ordeadas por prioridade. Esta lista de prioridades seguirá vixente para próximas convocatorias Erasmus+, de maneira que os profesorado que non poida facer uso das mobilidades teña preferencia para os cursos próximos.

## **XESTIÓN/TRAMITACIÓN**

A xestión das actividades das mobilidades docentes levarase a cabo pola comisión Erasmus+ da ESCRBBCCG e polo propio equipo directivo nos casos en que corresponda (é dicir, xestión económica, convenios institucionais, definición final das datas e das actividades da mobilidade, etc.).

## **NÚMERO DE MOBILIDADES**

O número de mobilidades non é totalmente definitivo, dado que poden existir variacións importantes dependendo do número de solicitudes e do desenvolvemento dos proxectos.

Non obstante, a previsión aproximada para o curso 2018-2019 é a seguinte:

- **KA103: 4 mobilidades. Países a determinar polos solicitantes.**
- **KA108: 1 mobilidade a Albania, 1 mobilidade a Camboia.**
- **KA107: 4 mobilidades a Albania.**

Informarase puntualmente vía correo electrónico ou reunión presencial dos cambios na dispoñibilidade de mobilidades para cada un dos proxectos, en función das necesidades, medios dispoñibles e desenvolvemento dos proxectos.

## **PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE**

As persoas candidatas deberán comunicar á Coordinación Erasmus+ o seu interese por escrito, **achegando o formulario de solicitude de mobilidade docente**. A entrega do formulario poderá facerse en persoa (a calquera membro da Comisión) ou a través do persoal de administración.

A Comisión Erasmus+ resolverá nun comunicado público a resolución final, en función dos criterios de concesión e a capacidade presupostaria.

A petición segundo o modelo de formulario de solicitude deberá acompañarse dunha **carta de motivación, proposta, programación docente ou programa de actividades** a levar a cabo no centro de acollida segundo o **formulario de proposta docente**. Esta proposta é obrigatoria para o caso do KA103 e moi recomendable para o caso do KA107/KA108, aínda que neste último caso a maior parte das actividades xa están definidas, polo que ese documento non será obrigatorio.

## OBSERVACIÓNS

Despois da mobilidade, o profesorado deberá cubrir unha enquisa en rede para a Comisión Europea e, ademais, **comprométese a elaborar un informe final da actividade realizada**, para a divulgación entre toda a comunidade educativa dos beneficios da mobilidade.

A duración das mobilidades será dunha semana en case tódolos casos, coa posible excepción do KA107 no que se poderán desenvolver mobilidades de dúas semanas.

As cuestións económicas (orzamentos, financiamento, pagos...) poderán ser consultadas directamente cos membros da Comisión Erasmus+. As mobilidades reciben un financiamento que pode ser considerado digno e suficiente na inmensa maioría dos casos, tanto para custos de viaxe como para aloxamento, dentro duns límites razoables. O profesorado recibirá como mínimo unha parte do pago antes da mobilidade, para facilitar o seu desenvolvemento.

Calquera outra dúbida ou solicitude de información será dirixida á Comisión Erasmus+, a través de calquera dos seus membros.

## PRAZOS DE SOLICITUDE

- **KA108: 15 DE OUTUBRO.**
- **KA103: 1 DE NOVEMBRO.**
- **KA107: 1 DE DECEMBRO.**

Para o caso do KA108 existe urxencia para determinar a mobilidade por parte das outras institucións socias. Por iso, rogamos enviades un correo electrónico expresando simplemente o voso interese a [escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es](mailto:escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es) con data límite do 15 de Outubro, incluído. Esta urxencia aplícase especialmente á mobilidade de Camboia. Tamén se aplica a “profesorado non conservador-restaurador” ou



“profesorado que non sexa da especialidade de arqueoloxía” que teña interese na mobilidade a Albania.

Entre o 15 de Outubro e o 1 de Novembro rogaremos a estes solicitantes para Camboia / Albania que completen a súa información co formulario de solicitude.

Asinado, a Comisión Erasmus+, a 11 de Outubro de 2018.

Antón Pereira

Cristina Montojo

Álvaro Arizaga

## ANEXO INFORMATIVO

Dada a abundancia de información relevante sobre as mobilidades Erasmus+, achegamos a continuación algunha información xenérica adicional.

### MOVILIDAD DEL PERSONAL PARA DOCENCIA:

Es necesario que la organización de acogida sea una HEI de un país del programa titular de una ECHE o una HEI de un país asociado, reconocida como tal por las autoridades competentes, que haya firmado un acuerdo interinstitucional con el socio del país del programa de envío antes de que se lleve a cabo la actividad de movilidad.

La organización de envío debe ser:

- Una HEI de un país del programa titular de una ECHE, o una HEI de un país asociado reconocida como tal por las autoridades competentes, que haya firmado un acuerdo interinstitucional con el socio del país del programa de acogida; o
- Cualquier organización pública o privada de un país del programa activa en el mercado de trabajo o en los ámbitos de la educación, la formación o la juventud. Por ejemplo, la organización puede ser:
  - Una empresa pública o privada, pequeña, mediana o grande (incluidas las empresas sociales);
  - Un organismo público local, regional o nacional; Un interlocutor social u otro representante de la vida laboral, incluidos las cámaras de comercio, las asociaciones artesanales o profesionales y los sindicatos;
  - - Un instituto de investigación;
  - - Una fundación;
  - Un centro escolar, un instituto o un centro educativo (de cualquier nivel, desde preescolar a secundaria alta, incluidas la educación profesional y la educación de personas adultas);
  - Una organización, asociación u ONG sin ánimo de lucro;
  - Un organismo de asesoramiento académico, orientación profesional y servicios informativos.





## MOVILIDAD DEL PERSONAL PARA FORMACIÓN:

Es necesario que la organización de envío sea una HEI de un país del programa titular de una ECHE o una HEI de un país asociado reconocida como tal por las autoridades competentes, que haya firmado un acuerdo interinstitucional con el socio del país del programa de acogida antes de que se lleve a cabo la actividad de movilidad.

La organización de acogida debe ser:

- Una HEI de un país del programa titular de una ECHE, o una HEI de un país asociado reconocida como tal por las autoridades competentes, que haya firmado un acuerdo interinstitucional con el socio del país del programa de acogida; o
- Cualquier organización pública o privada de un país del programa activa en el mercado de trabajo o en los ámbitos de la educación, la formación o la juventud. Véanse ejemplos en la página anterior.

## Duración de la actividad

De 2 días (5 días en el caso de países asociados de envío o acogida) a 2 meses, excluyendo el viaje. En movilizaciones entre países del programa, los 2 días mínimos habrán de ser consecutivos. En todos los casos, las actividades docentes deben comprender un mínimo de 8 horas lectivas a la semana (o periodo de estancia inferior).

Este mínimo no se aplica al personal invitado de las empresas.

Si la actividad docente se combina con una actividad de capacitación durante un período único en el extranjero, el número mínimo de horas de enseñanza por semana (o cualquier período más corto de estadía) se reduce a 4 horas.

Si la movilidad dura más de una semana, el número mínimo de horas lectivas de una semana incompleta será proporcional a la duración de esa semana.